

Edición xeral

NOVIDADE LITERARIA

Marcelino Fernández Mallo volve á novela cun thriller que retrata a vida das clases máis acomodadas

'Klásicos', a súa última proposta narrativa publicada por Edicións Morgante, chega esta semana ás librarías do país.

Redacción - 12:29 18/01/2010

Pode a vida dunha persoa dar un cambio radical en cuestión de segundos? Sen dúbida. Este é o motor de arranque de *Klásicos*, a segunda novela de [Marcelino Fernández Mallo](#). A obra, publicada por Edicións Morgante, chegará esta mesma semana ás librarías de todo o país. O economista e colaborador de Vieiros proponnos nesta ocasión un thriller psicolóxico regado con xenerosas doses de retranca e no que non falta unha desapiadada crítica social.

O protagonista da novela é un mozo acomodado que vai casar coa filla dun rico industrial. A pracidade da súa vida sofre un punto de xiro cando comete un homicidio involuntario ao intentar bicar á súa asistente. Mais aló do argumento, a obra debulla a vida da elite social, unha descrición irónica das nosas clases económicas máis altas e das segundas xeracións desas familias.

Fernández Mallo prosegue así o rego literario que abriu en 2005 co libro de relatos [Cabilia](#) e que continuou tres anos máis tardes coa que até o de agora era a súa única novela: [A Trenza](#).